


ASOCIACIÓN FEDERALISTA DE GALICIA

MANIFESTO FEDERAL

O federalismo é unha *visión* da política nacida para resolver problemas da cidadanía e un esixente *ideal* normativo da democracia baseados no pacto, na negociación, no goberno mediante acordos revisables e potestades compartidas. Unha visión requintada, froito dunha moi longa traxectoria, ben contrastada na práctica e moi plural nos seus deseños institucionais, solucións técnicas e orientacións ideolóxicas. Un ideal político que ten que ser debatido, espallado, explicado e concretado do xeito mais acaído a cada país e a cada conxuntura. Así e todo, en España e en Galicia, por razóns históricas que se remontan á Constitución de Cádiz e a I República, o federalismo non se albisca, como acontece no resto do mundo - desde USA a Alemaña pasando por Australia, India, Brasil ou Canadá - como a construción dunha Federación, isto é, dunha *Unión* federal estable e solidaria, senón como destemida fractura e “balcanización” do Estado. Mesmo até o punto de perdermos por completo, no esquecemento mais lamentable, o contacto coa nosa tradición política e intelectual do republicanismo federal, a de Pi i Margall, Valentí Almirall ou, entre nós, Aureliano Pereira, Leiras Pulpeiro ou Pérez Costales. Porén, no mundo actual o federalismo é a regra e non a excepción: mais do 65% da poboación mundial vive en sistemas federais de diversa natureza.

O federalismo postula, ante todo, o abandono do soberanismo, a perigosa quimera herdada da teoloxía política de que - quer no Estado, no pobo ou a nación - reside un poder ilimitado, indivisible e indelegable. Fronte a autodeterminación unilateral o federalismo propón a *codeterminación multilateral* como a cerna mesma da democracia. O federalismo defende un mundo



ASOCIACIÓN FEDERALISTA DE GALICIA

político non xerárquico, de coordinación horizontal con fundamento na lealdade e o respecto recíproco entre poderes compartidos.

O federalismo salienta a incomparable calidade do goberno democrático multinivel fronte a calquera caste de centralismo. Reclama, por unha parte, o mais amplo *autogoberno* das unidades federadas no ámbito das súas competencias e, por outra, potentes mecanismos de *goberno compartido* para os asuntos comúns. O federalismo ten amosado durante séculos, e en multitude de países, a súa excepcional capacidade de canalización de conflitos territoriais, de adaptación e resiliencia como forma de goberno en permanente evolución. De feito, a Federación enxerga o sistema político mais acaído para contextos cambiantes e plurais, mediante a distribución de competencias acordada mediante pactos, sempre mellorables e revisables, de *interdependencia multilateral*.

O federalismo implica tamén unha idea propia de Comunidade política, presidida pola *unidade na diversidade* electoral, cultural, institucional e nacional. É a súa unha perspectiva tolerante, por definición, de identidades superpostas, non pechadas en si mesmas e de costas unhas ás outras, de pertenzas non excluíntes. O federalismo acubilla unha defensa convencida do pluralismo cultural e lingüístico ó fío dos procesos abertos de creación e intercambios culturais, tanto no conxunto da Federación como no interior de cada unha das comunidades federadas.

O federalismo postula como un dos seus eixos básicos e irrenunciáveis a *igualdade e solidariedade interterritoriais*, o apoio mutuo baseado na suficiencia financeira e na corresponsabilidade fiscal das comunidades federadas, a transparencia e a proporcionalidade redistributiva. Velaí a súa resolta vocación de *federalismo do benestar*, co obxectivo explícito de se configurar como un soporte básico do Estado social e democrático de dereito, da calidade de vida cotiá da cidadanía, áncora solidaria das políticas sociais, de igualdade, de educación pública, de sanidade pública, de salario, vivenda e pensións dignas, das inaprazables políticas medioambientais.

O federalismo implica moito mais que un deseño institucional, insiste tamén na elaboración colectiva dunha indispensable *cultura política federal*, un xeito de pensar, unha sensibilidade, un modo vida federal. A Federación non é posible sen unha cultura cívica federativa, é dicir, un conxunto de actitudes, disposicións, valores e principios que habilitan á cidadanía para desenvolverse, desde a reciprocidade e o mutuo respecto, nun goberno mul-

tinivel sempre en proceso, aberto á competencia interna e a contextos de experimentación autónoma de políticas públicas, en escenarios complexos de pluralismo lingüístico e cultural.

O federalismo no so achega razóns, principios e mecanismos políticos dábondo, moi precisos e experimentados, non consiste so en articular intereses e identidades da man dunha visión racionalista da política alternativa ás paixóns nacionalistas. Pola contra, traballa tamén un específico *réxime emocional*, cultiva e potencia emocións axeitadas para facilitar identidades superpostas, para construír contextos sociais e políticos democráticos, estables e cooperativos. Así, promove a empatía fronte a resentimento, a confianza cívica fronte a desconfianza xeneralizada, a solidariedade fronte ó desprezo ou a xenreira ao outro, ao diferente. Fornece, en definitiva, a imprescindible base afectiva dunha idea non nacional-populista de nación.

O federalismo, en canto sistema democrático de goberno multinivel é simultaneamente: 1) *municipalista*: acérrimo defensor do principio da subsidiariedade a partir do reforzamento dos gobernos locais como ámbitos políticos de primeiro orde, de prestación de servizos públicos e realización de dereitos cívicos, de participación e deliberación cidadá; 2) *uropeísta*: pois federal foi e segue a ser o proxecto político e non meramente económico da Unión Europea, a prol dos seus obxectivos sobranceiros de paz, democracia, solidariedade e pluralismo cultural e relixioso; 3) *internacionalista*: pois os desafíos transfonteirizos da rampante desigualdade global, a crise socio-ecolóxica e o cambio climático reclaman avanzar, na procura dunha nova fronteira xusta para toda a humanidade, cara un imprescindible federalismo social a escala planetaria.

A *Asociación Federalista de Galicia* nace coa vontade de servir, desde a sociedade civil galega, de espazo aberto, plural e amigable de análise, debate, divulgación e concreción do ideario federal en Galicia, en España, en Europa. Mediante este Manifesto facemos un chamamento á incorporación activa de todas e todos os que, residan onde residan, desde as mais diversas perspectivas profesionais, políticas e culturais estean interesados, dun xeito ou doutro, en compartir as arelas da Causa federal.

Santiago de Compostela, Febreiro de 2.020

